

Curso Cuadrimestral de Español para Estranxeiros - 2019-2020

Información da convocatoria

Tipo	CURSO CUATRIMESTRAL DE ESPAÑOL PARA EXTRANJEROS
Código	O19.XT.ES-2
Nome	Curso Cuadrimestral de Español para Estranxeiros
Curso académico	2019-2020
Nivel	A1/A2, B1
Modalidade	PRESENCIAL
Horas	60.00

Descrición

No Campus de Ourense ofertaranse dous niveis: **básico e intermedio**.

Cada nivel constará de 60 horas de clase: 47 horas de clase presencial (incluída unha proba de nivel o primeiro día do curso) máis 13 horas de clases semipresenciais. Para obter o diploma final do curso será necesario asistir, como mínimo, ó **85% das clases presenciais** (non se pode faltar a máis de 7 horas de clase). Ademais, o alumnado que desexe un diploma con nota deberá superar un exame final na derradeira sema do cuadrimestre.

As 47 horas de clase incluírán:

- **Contidos teórico-prácticos:** nestas clases de gramática e exercicios a profesora traballará co alumnado adaptándose ó nivel de cada grupo e ás súas necesidades concretas.
- **Contido de conversación e cultura:** este módulo está orientado en dous sentidos: en primeiro lugar, desenvolveranse actividades dirixidas a facilitar a interacción e a comunicación na vida diaria, dentro e fóra da Universidade. En segundo lugar, realizaranse actividades co obxectivo de facilitar ao alumnado o acceso a coñecementos básicos da cultura española e da galega en particular.

Entregarase un diploma de asistencia a aqueles que asistan ó 85% das clases presenciais como mínimo, no que se indica o número de horas e créditos correspondentes. Ademais, quen desexe un certificado con nota, deberá realizar un exame ó finalizar o curso.

Información sobre o calendario (datas)

Período de matrícula	26/07/2019 - 27/10/2019
Período de docencia	23/09/2019 - 13/12/2019

Prazas e créditos

Número mínimo de participantes	12
Número máximo de participantes	20
Horas ECTS	4
Validación LE	0

Destinatarios

O curso de Español para Estranxeiros está dirixido a aquelas persoas maiores de 16 anos que estean interesadas en aprender ou perfeccionar este idioma.

Calendario

HORARIOS:

CAMPUS DE OURENSE:

- **GRUPO 1:** Venres de 10.00 a 14.00 horas

- **GRUPO 2:** Venres de 15.00 a 18.00 horas

Programa

Cada nivel utilizará un manual de español como lingua estranxeira e cada profesora recomendará o uso dunha gramática específica. Os primeiros días de clase, a profesora entregará un programa cos contidos do curso e especificará os seus alumnado o manual e a gramática que usarán nas clases.

Forma de pago

Tarifas	Comunidade Universitaria	234.00 €
	Programa de intercambio	75.00 €
	Público en xeral	285.00 €
Formas de pago	Transferencia bancaria	
	Tarxeta bancaria	

Impartido en

Campus de Ourense - Edificio Facultades -

Cómo matricularse

Entra en <http://centrodelinguas.fundacionuvigo.es>

Alí encontrarás toda a oferta de cursos e as indicacións para realizar a túa matrícula. Aquí che indicamos un pequeno resumo:

1. Na pantalla de inicio:

- Se realizaches o teu rexistro en Bubela durante os anos 2012 e 2013, xa estás rexistrado no programa. No campo central "Recuperar contrasinal", introduce o teu DNI.
- No caso contrario, pulsa "Rexistrarse" e introduce os teus datos persoais.

EN AMBOS CASOS RECIBIRÁS UN CORREO ELECTRÓNICO CO TEU CONTRASINAL.

2. Facer a preinscripción online seguindo os pasos que se indican.

3. Pagar o importe do curso, para o que tés tres posibilidades:

a) Pago con tarxeta

b) Transferencia no **Banco Santander:**

Número de conta: 0049 614198 2510007984

Código Swift: BSCHEMMXXX

IBAN: ES86 0049 6141 9825 1000 7984

Debes indicar o teu nome e o nome do curso no que te matriculas

c) Ingreso en efectivo no **Banco Santander:**

Neste caso debes indicar estes datos:

Emisora: X011668

Importe do curso

Nome do alumno e nome do curso no que te matriculas

4. Todo o proceso de matrícula podes facelo a través do programa do centro de linguas.

5. A matrícula confírmase a través dunha mensaxe de correo electrónico.

*****SE PRECISAS DUNHA CARTA DE INVITACION PARA O TEU VISADO, DEBES ESTAR PREINSCRITO NO CURSO E PAGAR 60 Euros (GASTOS DE PREINSCRICION). OS 60 Euros DA PREINSCRICION RESTARANSE DO IMPORTE TOTAL, SE REALIZAS O CURSO.**

Condições de acceso

PROBAS DE NIVEL: 4 setembro ás 9.00 horas no Edificio de Ferro - Aula 1.2 (Facultade de Dereito)

Devolución

Para a devolución de matrícula séguense os seguintes criterios:

1. Só procederá a devolución do importe íntegro da matrícula, incluída a cota de preinscrición, cando, por causas non imputables aos usuarios, non se realice a actividade.
2. No caso de que o alumno/a non supere a proba de nivel do curso para o que se matriculou, e non realice outro curso, non procederá a devolución da cota de preinscrición.
3. Non obstante o declarado no punto anterior, o Centro pode devolver o importe en casos especiais que considere xustificadas, sempre que se solicite por escrito ao Centro de Linguas, a lo menos **tres días antes da data de inicio dos cursos**. Cando se considere xustificada a devolución, o Centro reterá **15 euros** en concepto de gastos de xestión.
4. Considérase que procede a devolución nos casos seguintes, sempre que os mesmos se produzan coa antelación especificada no punto anterior e se xustifiquen debidamente:
 - Cando se produza a sinatura dun contrato laboral que implique incompatibilidade horaria co curso matriculado, sempre que non resulte posible a adscrición a outro curso similar. Debe achegarse copia do contrato de traballo.
 - Por causa de accidente ou enfermidade que imposibilite seguir con regularidade o desenvolvemento do curso. Debe aportarse xustificante médico.
5. En ningún caso se devolverá o importe da matrícula unha vez iniciadas as clases.